



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Decembro 2021

Santiago de Compostela, 08 de febreiro de 2022


Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Decembro 2021

- O Índice de producción industrial (IPI) rexistrou en decembro de 2021 un retroceso do 2,0% con respecto a decembro de 2020 en Galicia, mentres que a nivel nacional rexistrouse un aumento do 2,7%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 11,5%; os bens de equipo caeron un 13,4% e os bens intermedios subiron un 9,4%. Pola súa parte a enerxía retrocedeu un 14,1%.
- Por ramas de actividade as achegas negativas mais destacables corresponden á “producción de enerxía eléctrica” que resta 5,3 puntos, a “fabricación de vehículos de motor” que resta 2,7 puntos e a “fabricación de produtos metálicos” que minora 1,1 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas positivas destacan: a “outras industrias extractivas”, que suma 1,7 puntos e a “industria da madeira e da cortiza”, que engade 1,3 puntos e a “fabricación de mobles” e a “industria da alimentación” que achegan 1,0 puntos cada unha delas, á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Decembro 2021

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos compoñentes en %



	Índice	VARIACIÓN (%)	
		Interanual	Media 2021
Xeral	101,0	-2,0	8,2
Bens de consumo	119,2	11,5	21,5
Bens de equipo	85,3	-13,4	-1,0
Bens intermedios	112,1	9,4	8,6
Enerxía	90,0	-14,1	2,6

1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de decembro de 2021 en Galicia rexistrou un retroceso do 2,0% en taxa interanual, empeorando en 2,0 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (0,0%). En España, rexistrouse un crecemento do 2,7%, empeorando en 2,7 puntos a taxa acadada no mes anterior (5,4%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 11,5%, o que repercute 2,7 puntos positivos na taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do -13,4%, o que resta 3,3 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** suben un 9,4%, cunha repercusión positiva de 2,3 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que retrocede un 14,1% restando 3,8 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de novembro de 2021, por destino económico, os bens de consumo empeoran 11,3 puntos, os bens de equipo empeoran 0,1 puntos, os bens intermedios melloran 5,2 puntos e a enerxía mellora 1,5 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais o decrecemento interanual en decembro do 2,0% débese principalmente á achega negativa (-10,9 puntos) de 12 ramas; as principais foron: a “produción de enerxía eléctrica” que resta 5,3 puntos, a “fabricación de vehículos de motor” que resta 2,7 puntos e a “fabricación de produtos metálicos” que minora 1,1 puntos á taxa interanual.

No que respecta ás repercusións positivas destacan as seguintes ramas: “outras industrias extractivas”, que suma 1,7 puntos e a “industria da madeira e da cortiza”, que engade 1,3 puntos, e a “fabricación de mobles” e a “industria da alimentación” que achegan 1,0 puntos cada unha delas á taxa interanual.


No conxunto do ano 2021, o índice crece un 8,2% en Galicia, 1,2 puntos máis que no conxunto do Estado. Esta diferenza positiva para Galicia no ano 2021 explícase principalmente polo

mellor comportamento en Galicia da “confección de roupa de vestir”, da “industria da madeira e da cortiza” e da “fabricación de bebidas”.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de decembro moveuse entre o -20,5% de Extremadura e o 15,0% de Asturias. Ademais da devandita, presentan variacións interanuais superiores á media estatal: Navarra (12,9%), Murcia (12,5%), Andalucía (9,5%), Illes Balears (6,3%), País Vasco (6,0%), Castilla - La Mancha (5,0%) e Canarias (4,9%).

IPI Decembro 2021 Taxas de variación en %




No conxunto do ano, o IPI aumentou en todas as comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexistráronse en Asturias (15,7%), Illes Balears (11,2%), Cantabria (10,6%) e Navarra (10,3%). Os menores crecementos producíronse en Murcia (2,4%) e Canarias (2,8%).

4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un

modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Decembro 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	MEDIA 2021	INTERANUAL	MEDIA 2021
Galicia					
Xeral	101,0	-2,0	8,2	--	--
Bens de consumo	119,2	11,5	21,5	2,7	5,5
Bens de equipo	85,3	-13,4	-1,0	-3,3	-0,3
Bens intermedios	112,1	9,4	8,6	2,3	2,4
Enerxía	90,0	-14,1	2,6	-3,8	0,6
España					
Xeral	99,8	2,7	7,0	--	--
Bens de consumo	100,0	7,7	7,6	1,9	2,0
Bens de equipo	100,0	-1,2	6,4	-0,3	1,4
Bens intermedios	96,7	2,2	9,9	0,6	3,1
Enerxía	103,5	1,8	2,7	0,4	0,6

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Decembro 2021

Ramás	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-2,0		8,2		
Outras industrias extractivas	87,8	1,7	36,4	0,5	1,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	37,4	1,3	36,1	1,5	3,6
Fabricación de mobles	73,7	1,0	65,4	0,8	1,1
Industria da alimentación	7,4	1,0	6,6	1,0	13,2
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	17,5	0,7	7,1	0,3	5,1
Fabricación de bebidas	17,6	0,6	37,7	1,2	3,5
Confección de roupa de vestir	13,0	0,6	48,8	2,3	4,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	9,9	0,2	16,0	0,4	2,6
Industria do papel	7,3	0,2	7,2	0,2	2,2
Industria química	-3,7	-0,1	-7,6	-0,1	1,5
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-4,0	-0,1	8,4	0,2	2,5
Industria téxtil	-22,0	-0,1	11,4	0,1	0,6
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-6,2	-0,2	-11,1	-0,4	4,1
Outras industrias manufactureiras	-23,8	-0,2	42,4	0,2	0,5
Fabricación doutro material de transporte	-27,8	-0,3	-22,6	-0,3	2,0
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-11,3	-0,4	0,9	0,0	2,0
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-29,0	-0,4	-17,7	-0,3	1,4
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-13,8	-1,1	2,7	0,2	7,7
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-20,6	-2,7	-2,6	-0,4	13,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-22,9	-5,3	-1,2	-0,2	22,3
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Decembro 2021

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	MEDIA 2021
España	99,8	2,7	7,0
Galicia	101,0	-2,0	8,2
Andalucía	99,7	9,5	5,0
Aragón	97,2	-3,6	3,5
Asturias	105,0	15,0	15,7
Balears (Illes)	78,5	6,3	11,2
Canarias	91,2	4,9	2,8
Cantabria	104,2	2,0	10,6
Castilla - La Mancha	101,0	5,0	5,6
Castilla y León	91,2	-5,0	5,2
Cataluña	96,3	0,8	8,2
Comunitat Valenciana	106,1	1,6	7,0
Extremadura	77,9	-20,5	6,6
Madrid	108,5	2,3	5,3
Murcia	120,3	12,5	2,4
Navarra	104,0	12,9	10,3
País Vasco	93,2	6,0	9,4
Rioja (La)	80,3	-2,5	5,8

Fonte: INE